

Cabo Prior



Xaime Bello Costa

PRISCILIANO

Vitorino Pérez Prieto acércanos, co seu libro *Prisciliano na cultura galega*, a unha figura mítica da nosa historia. Segundo o autor estamos perante un teólogo xenial, un herexe rehabilitado e un “mártir apócrifo” canonizado polo pobo, pero tamén un símbolo necesario para a construción da identidade galega. O que fica de Prisciliano e o priscilianismo é a súa pegada imborrábel na alma galega, na nosa realidade relixiosa e antropolóxica.

Prisciliano sempre me leva a outro símbolo da nosa historia, o mariscal Pardo de Cela. Prisciliano foi decapitado na cidade alemá de Tréveris, a cidade natal de Karl Marx, ás beiras do río Mosela, no ano 385. E Pardo de Cela tamén foi decapitado en decembro de 1843, diante da catedral de Mondoñedo, por mandato do gobernador do reino nomeado polos Reis Católicos. Os dous son dúas figuras totémicas da historia da nosa nación. Inmortais galegos integrantes da imaxinada Santa Campaña á que se refere Castelao na súa *Alba de Groria*.

Parabéns a Vitorino por este achegamento científico á personalidade de Prisciliano. Pérez Prieto forma parte desa ampla nómina de cregos, solteiros ou casados, comprometidos co seu pobo, que loitaron firmemente ao lado de persoas e organizacións clandestinas contra a ditadura, a prol da democracia e pola normalización da nosa lingua. A propia, mal que lle pese a don Benigno López, seica Valedor do Pobo. De que pobo?, pregúntome eu.

Xaime Bello Costa
foi alcalde de Ferrol